

Conta a tradición que o 31 de outubro de 1517, como era costume para anunciar algo, Martín Lutero cravou na porta da igrexa do palacio de Wittenberg o opúsculo coñecido como as “95 teses”. Neste escrito, feito en latín e titulado *Disputatio pro declaratione virtutis indulgentiarum*, Lutero censuraba o emprego das indulxencias como vía de salvación.

A atribución a que fose nesa igrexa responde a dúas circunstancias: unha, a data da acción, na vixilia do día de Santos; a segunda, que o templo pertencía ao palacio dos príncipes de Saxonia. Un destes, Federico III, conseguira unha notable colección de reliquias (algunhas realmente insólitas). A visita outorgaba –a cambio dunha esmola– indulxencias e así os peregrinos aforraban tempo de estancia no Purgatorio.

A acción de Lutero non era contraria ás reliquias senón á comercialización das indulxencias que facía un dominico, Johann Tetzel, por conta do arcebispo de Maguncia e do Papa a prol da nova basílica de San Pedro en Roma. O texto das 95 teses non pasaba, en principio, de constituír unha argumentación teolóxica, como tantas outras naquel tempo, pero a súa impresión e distribución tivo un amplo eco. Tanto que chegou a coñecemento de Roma e que motivou que o Papa León X, en 1520, publicase unha encíclica de condena que esixía ao crego alemán que se retractase.

Estas 95 teses defendían que Deus é o único con potestade de perdoar, non o Papa, e que a fe –en combinación necesaria coa práctica da virtude e dos sacrificios que comporta– é o único camiño cara a salvación eterna. Por iso, consideraba que a práctica da Igrexa era de avaricia e paganismo e que as indulxencias eran un engano contra os fieis.

Despois de contactar con diversos humanistas (Erasmus entre eles) e príncipes alemáns, Lutero fixo un chamamento por escrito á aristocracia laica para que desen pulo á reforma en contra do Papa, a quen alcumou de Anticristo. Unha reforma que reducía os sacramentos a tres: bautismo, penitencia e comunión.

Xa excomulgado, Lutero acudiu á Dieta de Worms en 1521, cando o emperador Carlos V estaba de visita, e negouse a aceptar o ditado de Roma. Para protexer ao disidente no seu regreso a Wittenberg, Federico



Martín Lutero, reformador e herexe

Cinco séculos das 95 teses de Wittenberg

JOAQUIM VENTURA

co o Sabio preparou unha escolta que o conduciu ao castelo de Wartburg. Alí, comezou a traducir o *Novo Testamento* ao alemán, empresa que continuou coa tradución integral da Biblia. Despois de estudar os dialectos alemáns, en 1534 levou ao prelo unha versión que resultase común. A lingua alemá tamén estivo presente na reforma da misa, primeiro paso para estable-

cer unha liturxia completa. En paralelo, avogou para que as autoridades civís promovesen escolas, tanto para nenos como para nenas.

En tanto que excomulgado por herexe, o emperador Carlos ditara en Worms un edicto que autorizaba a matar a Lutero sen castigo para o autor. Pero ante a ameaza turca, o emperador conseguiu a unidade cos

príncipes da Liga de Esmalcalda, promotores da Dieta de Espira (1526) que establecera un principio de tolerancia relixiosa co principio “Cuius regio, eius religio” (En cada terra a relixión do seu señor). Os conflitos entre católicos e protestantes seguiron durante un século e so remataron coa paz de Westfalia (1648) que puxo fin á guerra dos Trinta Anos.

As consecuencias da reforma luterana foron diversas. A propia Igrexa católica, no concilio de Trento, tivo que impoñer orde (administrativo especialmente) no seu seo. O remate da obediencia a Roma (daquela un poder temporal tamén) conduciu a que as igrexas luteranas non tivesen unha autoridade por riba delas e se constituísen como igrexas nacionais.

Martín Lutero (1483-1546, retratado por Lucas Cranach, o Vello en 1528.

Sociedades reformadas

A escisión luterana tivo unha importancia nas sociedades onde callou. Tanto se a reforma relixiosa era fiel á doutrina deseñada por Martín Lutero como se seguiu a segunda reformada impulsada polo teólogo francés Xoán Calvino.

O emprego da lingua vulgar nas Biblias impresas levou a un aumento da poboación alfabetizada: ler era imprescindible para entender as escrituras reveladas (única fonte de fe). Unha bagaxe cultural que fixo que as sociedades con relixión reformada tivesen un nivel formativo superior verbos das de tradición católica, que aínda empregaban o latín.

Doutra banda, o rigorismo verbo da verdade (en ausencia de perdón) fixo que os crentes tivesen que forxar unha ética fronte á mentira social, é dicir unha esixencia superior fronte á corrupción. Tal rigorismo levou, paradoxalmente, a un puritanismo máis esixente, fronte á certa tolerancia cara as feblezas humanas que sempre amosou o catolicismo.

Un rigorismo aínda máis salientable nas sociedades que adoptaron a reforma calvinista (Suíza, Países Baixos, Francia, Escocia) que máis alá da doutrina (os “cinco puntos” e as “cinco solas”) negaron a condena bíblica da usura, presente nas sociedades medievais. Iso abriu a vía para o uso mercantil do diñeiro en forma de préstamos se ben limitando os xuros a un 5% de maneira que non eran usurarios.